

**PROGRAMACIÓN DOCENTE DE “TÉCNICA VOCAL PARA INSTRUMENTISTAS DE VENTO I”**  
 CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA  
 TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015 DO 29 DE  
 OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN								
DISCIPLINA TÉCNICA VOCAL PARA INSTRUMENTISTAS DE VENTO I								
ESPECIALIDADE:	Interpretación				ITINERARIOS:		Vento Madeira e Vento Metal	
CARÁCTER:	Optativa				TIPO DE CLASE:		COLECTIVA	
DEPARTAMENTO:	Canto				XEFE DE DPTO.:		Lorenzo de los Santos Gago	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:		Aida Cruz Estévez
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII
ECTS/CUAD.					2		2	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA	
	Aida Cruz Estévez				aidacruz@edu.xunta.gal		Xoves, de 14h. a 15h.	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR: Adquisición de técnica vocal básica. Nocións de hixiene vocal. Desenvolvemento do canto interno como imaxe auditiva da idea musical completa. Interpretación dun repertorio sinxelo dirixido a instrumentistas de vento.	
COÑECEMENTOS PREVIOS: Non se requiren	
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS: A disciplina ten relación indirecta cos contidos das disciplinas de instrumento principal. A disciplina de Técnica Vocal debe capacitar ao alumnado para a o desenvolvemento do canto interno e a adquisición dunha técnica vocal básica baseada en correctos hábitos de hixiene vocal que favorezan a práctica do instrumento principal.	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1 T2 T3 T4 T6 T8 T9
COMPETENCIAS XERAIS:	X1 X3 X6 X9 X13 X10 X17 X21 X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI2 EI4 EI5 EI6 EI10
*Ver a listaxe e descrición de competencias no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer a anatomía e fisioloxía da voz. Controlar a respiración e o apoio costo-diafragmático-abdominal para conseguir unha correcta técnica respiratoria.	T1, T2, T6, X1, X6, X9, X10, X21, X24, EI2, EI4, EI6, EI10
Lograr manter unha serie de hábitos beneficiosos para a súa saúde vocal, en definitiva, para o desenvolvemento e mantemento do seu instrumento vocal.	T1, T2, T6, X1, X6, X9, X10, X21, X24, EI4, EI5, EI6
Traballar a resonancia coa voz, intentando recoñecer e estimular correctamente as diferentes zonas de resonancia para potenciar o son.	T2, T3, T6, X1, X6, X9, X10, X21,

	X24, EI2, EI4, EI5, EI6
Adecuar as posturas corporais e o xesto ás exigencias da produción e emisión correcta dos sons cantados.	T2, T3, T6, X1, X6, X9, X10, X21, X24, EI4, EI5, EI6
Traballar o desenvolvemento da capacidade de xerar un canto interno como imaxe auditiva mental da idea musical completa.	T1, T3, T4, T6, T8, X3, X6, X9, X17, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10
Interpretar un repertorio, exercicios e vocalizacións empregando unha correcta técnica vocal.	T2, T3, T6, X1, X6, X9, X10, X21, X24, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10
Potenciar o uso das TIC para favorecer o estudo persoal e independencia.	T1, T2, T3, T4, T8, X1, X6, X10, X17, X24, EI2, EI6, EI10

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. A postura. Exercicios e técnicas.	Cofecemento básica do aparato fonador e a correcta postura corporal. Exercicios para o cofecemento corporal, consciencia corporal e sentido da propiocepción.	2
2. A Respiración. Anatomía e fisioloxía. Mecanismos de respiración no canto.	Cofecemento básico da anatomía do aparello respiratorio. Cofecemento do funcionamento do aparello respiratorio e a súa aplicación práctica mediante exercicios específicos.	3
3. Hixiene vocal. O aparello fonador. Articulación.	Cofecemento e práctica da técnica fonatoria para lograr unha correcta produción sonora. Hábitos correctos e beneficiosos para a práctica vocal. Exercicios de articulación e dicción das diferentes vocais e consonantes.	3
4. A práctica vocal. Resonancia.	Exercicios de vocalización en <i>legato</i> adecuados ó nivel e ás características da voz do alumno/a. Exercicios de punto de impacto e resonancia.	3
5. O Canto interno	Traballo para a adquisición dun canto interno como imaxe mental da idea musical completa. Exercicios para a práctica da memoria.	3
6. As TIC e os seus beneficios no estudio.	Utilización de métodos audiovisuais diversos cara ó estudo na casa ou no centro Aplicacións das TIC na clase.	2
*Os contidos 1 ao 4, ademais de ser tratados nunha sesión determinada, trabállanse sempre en tódalas demais, xa que son conceptos transversais no desenvolvemento vocal do alumnado.		
TOTAL SESIÓNS:		16

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Presentación (Posta en común dos cofecementos que posúen os alumnos/as ao comezo do curso, e exposición das expectativas que teñen cara ao cuadrimestre que comeza).	1		1
Exposición maxistral (exposición teórica dos contidos a traballar durante as clases)	1		1
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo dos alumnos/as na aula)	4		4
Práctica individual ( Tempo que os alumnos/as dedicarán á práctica vocal, en clase ou na casa)	8	25	33
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada	1		1

polo alumno/a con respecto a cuestións ou contidos de técnica vocal)			
Portafolios		16	16
Titorías (atención particular aos alumnos/as)			
1. Individuais		1	1
2. De grupo		1	1
Actividades de avaliación:			
1. Exercicios vocais có suficiente control técnico	1	1	1
2. Revisión de probas		1	1
<b>TOTAL HORAS:</b>			<b>60</b>

<b>6. AVALIACIÓN</b>			
<b>FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>COMPETENCIAS AVALIADAS</b>	<b>PONDERACIÓN</b>
<b>6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA</b>			
<b>6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)</b>			
Seguimento do rendemento do alumno (Caderno do profesor)	-Asistir ás clases con regularidade e puntualidade -Amosar unha actitude positiva e interese pola disciplina. -Aplicar unha correcta hixiene vocal, con hábitos beneficiosos para a súa saúde vocal. -Mostrar un control da respiración costodiafragmático-abdominal para unha correcta técnica vocal. -Saber manter unha correcta posición corporal durante a realización dos diferentes exercicios propostos na clase. -Demostrar o coñecemento do aparello fonador, así como os hábitos beneficiosos para o mantemento dunha boa saúde vocal.	Todas a enumeradas para o cuadrimestre	60%
Proba práctica, coa realización de exercicios diversos de vocalización comprobando o nivel adquirido polo alumno/a (posición, relaxación, respiración e fonación); e da interpretación dunha obra* traballada previamente.  *A obra de repertorio a interpretar será consensuada coa profesora.	-Demostrar dominio suficiente do aparello fonador e as súa implicacións durante a realización de diversos exercicios vocais. -Controlar a respiración e o apoio costodiafragmático-abdominal para conseguir unha correcta técnica respiratoria. -Demostrar un coñecemento e práctica da técnica vocal para lograr unha correcta produción sonora.	Todas a enumeradas para o cuadrimestre	20%
Portafolios	-Registrar de maneira sistemática o traballo realizado na aula: ideas principais dos contidos teóricos, exercicios, rexistro de auto-análise, reflexións, conclusións, propostas, métodos, exemplos, etc. -Presentar os diferentes contidos con claridade e de maneira ordenada.	Todas as enumeradas para o cuadrimestre	20%
<b>6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)</b>			
Proba práctica coa realización de exercicios diversos de vocalizacións e interpretación dunha obra*, comprobando a boa posta en práctica da técnica vocal (posición, relaxación, respiración e fonación).  *A obra de repertorio a interpretar será consensuada coa profesora.	-Demostrar dominio suficiente do aparello fonador e as súa implicacións durante a realización de diversos exercicios vocais. -Controlar a respiración e o apoio diafragmático-abdominal para conseguir unha correcta técnica respiratoria. -Demostrar un coñecemento e práctica da técnica vocal para lograr unha correcta produción sonora.	Todas a enumeradas para o cuadrimestre	50%
Realización e defensa dun traballo escrito* sobre os contidos relacionados coa materia. *O tema do traballo será consensuado	-Amosar coñecemento suficiente da disciplina tanto a nivel teórico coma na súa aplicación práctica. -Expoñer con claridade os conceptos e saber	Todas a enumeradas para o cuadrimestre	50%

coa profesora	transmitilos de maneira adaptada ás circunstancias. -Demostrar control durante a exposición tanto da secuenciación dos contidos como do tempo utilizado para cada un deles.		
<b>6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA)</b>			
Mais de catro faltas de asistencia á clase implicarán a perda de avaliación continua, tendo que someterse o alumno/a ao procedemento de avaliación alternativa.			
Proba práctica coa realización de exercicios diversos de vocalización comprobando a boa posta en práctica da técnica vocal (posición, relaxación, respiración e fonación).	-Demostrar dominio suficiente do aparello fonador e as súas implicacións durante a realización de diversos exercicios vocais. -Controlar a respiración e o apoio costodiafragmático-abdominal para conseguir unha correcta técnica respiratoria. -Demostrar un coñecemento e práctica da técnica vocal para lograr unha correcta produción sonora.	Todas a enumeradas para o cuadrimestre	50%
Realización e defensa dun traballo escrito* sobre os contidos relacionados coa materia.  *O tema do traballo será consensuado coa profesora.	-Amosar coñecemento suficiente da disciplina tanto a nivel teórico coma na súa aplicación práctica. -Expoñer con claridade os conceptos e saber transmitilos de maneira adaptada ás circunstancias. -Demostrar control durante a exposición tanto da secuenciación dos contidos como do tempo utilizado para cada un deles.	Todas a enumeradas para o cuadrimestre	50%
<b>6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA</b>			
Proba práctica coa realización de exercicios diversos de vocalización comprobando a boa posta en práctica da técnica vocal (posición, relaxación, respiración e fonación).	-Demostrar dominio suficiente do aparello fonador e as súas implicacións durante a realización de diversos exercicios vocais. -Controlar a respiración e o apoio costodiafragmático-abdominal para conseguir unha correcta técnica respiratoria. -Demostrar un coñecemento e práctica da técnica vocal para lograr unha correcta produción sonora.	Todas a enumeradas para o cuadrimestre	50%
Realización e defensa dun traballo escrito sobre os contidos relacionados coa materia.  *O tema do traballo será consensuado coa profesora.	-Amosar coñecemento suficiente da disciplina tanto a nivel teórico coma na súa aplicación práctica. -Expoñer con claridade os conceptos e saber transmitilos de maneira adaptada ás circunstancias. -Demostrar control durante a exposición tanto da secuenciación dos contidos como do tempo utilizado para cada un deles.	Todas a enumeradas para o cuadrimestre	50%

*Para a poder optar á Matrícula de Honra, o alumnado deberá obter cunha cualificación de sobresaínte na disciplina. O/a profesor/a da do/a alumno/a comunicará ao departamento ao do final da semana dos exames. O seu número non poderá exceder ao 20% de alumnos/as matriculados/as na disciplina no correspondente curso académico, agás que o número de alumnos/as matriculados/as sexa inferior a 20, caso no que se poderá conceder unha soa Matrícula de Honra. Para a obtención da Matrícula de Honra, en caso de haber máis aspirantes que números de matrículas a outorgar, obterá a Matrícula de Honra, o/a alumno/a con maior nota global ou, en caso de empate, con maior nota na proba práctica.*

<b>7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS</b>	
DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión	Aqueles que establece a Consellería competente en materia de Educación

social.

Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

## 8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

- Alessandrini, N., Torres, B., & Beltramone, C. *Vocalidades: la voz humana desde la interdisciplina*. Edit. GITEV
- Alió, Miriam: *Los espacios de la voz*. Edit. Clivis
- Alió, Miriam: *Reflexiones sobre la voz*. Edit. Clivis
- Bustos, Inés: *La voz. La técnica y la expresión*. Edit. Paidotribo
- Bustos, Inés & Morales, A. *Entrenamiento y salud vocal para cantantes*. Autoeditada.
- Borrágán, Alfonso; Barrio del Campo, J. A. & Gutiérrez Fernández, J. N. *El juego vocal para prevenir problemas de la voz*. Edit. Aljibe.
- Calais-Germain, Blandine. & Germain, F. *Anatomía para la voz. Entender y mejorar la dinámica del aparato vocal*. Edit. La liebre de marzo.
- Calais-Germain, Blandine. *La respiración. Anatomía para el movimiento – Tomo IV*. Edit. La liebre de marzo.
- Cobeta, I., Núñez, F. & Fernández, S. *Patología de la voz*. Edit. Marge Medical Books.
- Cuart, Francisca. *La voz como instrumento. Palabra y canto*. Edit. Real Musical
- De Mena, Ana: *Educación de la voz*. Edit. Aljibe
- Ferrer, J. S. *Teoría, anatomía y práctica del canto*. Edit. Herder
- Frederiksen, Brian: *Arnold Jacobs: Song and Wind*. Edt. Windsong Press Ltd.
- García, M. : *Trattato completo dell'arte del canto*. Edit. Ricordi
- Jackson Menaldi, Cristina: *La voz normal*. Edit. Médica hispanoamericana
- Laban, Rudolf: *El dominio del movimiento*. Edit. Fundamentos
- Miller, Richard. *National Schools of Singing. English, French, German and Italian Techniques of Singing Revisited*. Edit. Scarecrow Press.
- Nelson, Bruce: *Also Sprach Arnold Jacobs. A developmental Guide for Brass Wind Musicians*. Edit. Windsong Press Ltd.
- Quiñones, Carmen: *Programa para la prevención y el cuidado de la voz*. Edit. Praxis
- Regidor, Ramón: *La clasificación de la voz*. Real Musical
- Willems, E.: *El oído musical. La preparación auditiva del niño*. Ed. Paidós
- RECURSOS DIDÁCTICOS**  
*Metodo Prattico di Canto*, Nicola Vaccai  
*Vocalisses* de Marco Bordogni  
*Arie Antiche*  
 Cancións de cámara de Bellini  
 Baladas galegas (Adalid, Baldomir, Montes, Chané...)  
 Canción española (Granados, Lorca, Rodrigo, Falla...)